

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

*Decreto 200/2008, do 31 de xullo, polo que se derroga o Decreto 111/2006, do 30 de xuño, sobre subvencións para a rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública.*

Con data 14 de xullo de 2006 foi publicado o Decreto 111/2006, do 30 de xuño, sobre subvencións para a rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública. Posteriormente, o 4 de agosto de 2006 foi publicada a Resolución do 28 de xullo de 2006 que o desenvolvía e abría o prazo da convocatoria, aberta ás comunidades de propietarios de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública.

Coa entrada en vigor da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise preciso adaptar as anteriores bases reguladoras aos requisitos desta lei, e resulta innecesaria conforme a nova regulación legal a súa aprobación mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia. Por esta razón cómpre derrogar o Decreto 111/2006, do 30 de xuño, sobre subvencións para a rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública.

Isto sen prexuízo de que a consellería competente por razón de materia poida aprobar unhas novas bases reguladoras das subvencións de que se trata, adaptadas á normativa legal aplicable, non estimándose necesario aprobar mediante decreto os criterios básicos aplicables, sentido que tiña o decreto que mediante este se procede a derrogar.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Vivenda e Solo, e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día trinta e un de xullo de dos mil oito,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Queda derrogado o Decreto 111/2006, do 30 de xuño, sobre subvencións para a rehabilitación e adaptación de edificios de vivendas de protección oficial de promoción pública publicado no DOG nº 136, do 14 de xullo de 2006.

#### *Disposición derradeira*

Única.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta e un de xullo de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Teresa Táboas Veleiro  
Conselleira de Vivenda e Solo

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

### b) NOMEAMENTOS

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se nomean os membros da Comisión de Goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.*

A Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, dedica o seu capítulo I ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, e establece como os seus órganos de dirección e xestión a Dirección e a Comisión de Goberno. Concretamente, nos seus artigos 7 e 8 regula a Comisión de Goberno, as súas funcións, a composición e o procedemento de nomeamento dos seus membros.

Así mesmo, o Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, regula no seu artigo 4 a Comisión de Goberno como máximo órgano de dirección do Instituto, establecendo a súa composición e funcións.

Ao abeiro do previsto na devandita lei e no decreto, realizáronse as propostas de designación por parte das consellerías con competencias en materia de sanidade e industria, da dirección xeral con competencias en materia de relacións laborais, así como por parte das organizacións sindicais e empresariais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co obxecto de procurar o funcionamento da Comisión de Goberno, como máximo órgano de dirección do Instituto, a que lle corresponde, entre outras funcións, establecer os criterios xerais de actuación en materia de seguridade e saúde laboral na comunidade autónoma, en virtude das políticas, dos programas e dos plans que estableza o Consello da Xunta de Galicia, cómpre efectuar, de acordo coas propostas realizadas e facendo uso da autorización prevista no artigo 7 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, os seguintes nomeamentos.

#### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

1. A Comisión de Goberno estará formada por:

a) O presidente ou presidenta da comisión, que será o director ou directora xeral con competencias en materia de relacións laborais.